



Zurrumalla, unha formación que leva once anos estudiando e tocando por toda Galicia a música tradicional, conseguem de cada actuación unha festa; cun estilo musical baseado no tradicional e

achegandose a un folk propio, aportan composicións e arranxos que farán as ledicias do público. Unha sorpresa de vitalidade, e novos aires na nosa música.

Recollendo estos once anos de percorrido, Zurrumalla edita un traballo discográfico en dous CDs, que inclúe un repertorio de vitecinco pezas titulado;

“O que había e... O que hai”



Zurrumalla somos:

Patri González, Pandeireta, pandeira e voz.

Carlos Sabariz, “Pelouro”, Bombo.

Suso Comesaña, Gaitas en do e re, saxo soprano e voz.

Juan Comesaña “Viti”, Tamboril.

Nacho Álvarez, Acordeón e voz.

Bieito Lobariñas, Gaita en do, cunchas, pandeireta e voz.

Tamén contamos coa colaboración habitual de

Luís Correa “O Caruncho”, Requinta e voz.



Zurrumalla naceu como grupo ala por febrero do ano 2000 cando un grupo de amigos decidimos dar pulo aos nosos anceios e ás nosas inquedanzas musicais. Desde o inicio, co esforzo e o tempo roubado aos nosos quefaceres cotiáns para os ensaios por acá e acolá, fonos quen de ilusionarnos e gozar coas notas que iamos arrincando á historia e tradición musical da terra. Arredor dela creamos un universo no que nos sentimos unidos, ledos e orgullosos. O noso desexo é compartir este gozo, esta ledicia e este orgullo amais de que entre todos e todas, dignifiquemos a tradición. Por iso, durante estés anos da vida do grupo, e ao longo dos moitos concretos pola xeografía do país, procuramos ofrecer o mellor que como gaiteros podemos arrincar de nos.

Como a dilixicencia non é unha das nosas virtudes, cando decidimos gravar o CD deunos mágoa desbotar por excesivo o material acumulado ao longo destes anos. Editamos entón un dobre CD no que, a primeira parte está dedicado ás pezas que tocamos ao longo dos primeiros sete ou oito anos de andainas - é , "O que había"-, e a segunda - "O que hai" - a temas más recentes e de composición propia.

E máis nada... que vos guste e a gozar!!

Descargar pezas promocionais

http://inquedanzas.com/promo/audio_zurrumalla/mp3_zurrumalla.zip



CONTACTO: Xusto Molejón V. Tlf. 637 165 479 / 886 115 343 xusto@inquedanzas.com